

A TERRA

(La zarpa. 22-X-1921)

Soamente nós, os que temos chegado a sentir na súa evidencia luminosa a nosa consubstancialidade coa Terra Patria, podemos erguer a fronte diante dos nosos mestres, en rebelión contra toda doutrina emprestada. Os demais viven do refugallo do pensamento alleo, das varreduras das escolas.

E a grande liberdade que un sente é se sentir un nada máis que galego, porque só é liberador o amor ás Patrias que non son Estados, as Patrias en rebeldía.

En troque de Patria, dicimos Terra, que di o mesmo e di moito máis, que a Terra é o *humus* de que o *home* foi formado, e cando a Patria é Terra, está na nosa carne e no noso sangue e na nosa alma: Ela é nós, e nós somos Ela.

Terra é o que non pode ser destruído, o que non pode ser conculcado. Terra é a Galiza eterna, a que vive e vivirá en nós e fóra de nós; no mundo e fóra do mundo.

Isto expresa tamén a nosa rusticidade, da que nos sentimos soberbios. Na súa rusticidade ten Galiza a súa forza, indomitable de resistencia, de rebeldía, de creación futura, de que é incapaz o home dexenerando na domesticidade das vilas conxestivas e artificiais. O noso rexurdimento leva dentro de si un debate de enerxías virxes, novas, inéditas, que un día ou outro han espertar e saír multuosamente á vida como se a vella Atlántida asomara os seus curutos por riba das augas do mar. Eis o pangaleguismo a alumear o mundo: o mundo a vivir da luz do Faro dos Brigantes, aceso riba do Atlántico, do "Mare Nostrum" da civilización futura.

Os que temos chegado a esa suprema videncia da nosa consubstancialidade coa Terra-Patria, levamos o peito ateigado deses sentimentos, a alma desa luz que ninguén pode apagar ... Como non todo os galegos teñen tal forza mental, por iso temos que dicir con soberbia: Galiza somos nos.

Xa sei que arredor de nós os incapaces negan... No *Fausto* de Goethe, un diaño ridículo chamado Mephestopheles, defínese a si mesmo deste xeito: -"Eu son o espírito que nega sempre".

E nós somos un inmenso e xurdio si.

DO LACÓN E MÁIS DAS CASTAÑAS

(*La zarpa*. 12-XI-1921)

O día do San Martiño, que foi onte, é un día moi dado para o galeguismo de rexouba e trangallada, o galeguismo dos enxebres de magosto e de lacón con grelos. Eu non son deses anque sexa de Ourense, e fillo do pueblo.

Mais se a min me puxo mal que alguén o outro día no *Diario de Ourense* lle dera a ben chegada ao noso gran Castelao, falando do lacón con grelos, non por iso lle quito eu ó lacón e mais ao magosto a importancia que en realidade teñen.

O lacón con grelos é un xantar simbólico de matanza carnívora das razas do Norte. Nossos avós, os celtas, xa criaban e salgaban porcos, e o porco bravo era a súa enseña totémica. O lacón con grelos denota na raza forza dixestiva e aguante para o traballo, e lembra as kermeses flamengas e os cadros de Teniers que aínda hai pouco en Madrid avivaron lembranzas da Terra, na alma do Ramón Cabanillas ... O lacón con grelos fainos louvar o alento nórdico da nosa raza, tan diferente dos bereberes que comen gazpacho.

E o día do San Martiño, indo pola estrada de Santa Mariña do Monte, o fumeigar dos magostos ante os penedos e os piñeiros de Monte Alegre, onde os *fillos do pueblo* celebran ese xeito de comunión espiritual na Terra, lembran os fumes dos sacrificios que a relixión naturista dos celtas celebrou cecais outrora no mesmo día e no mesmo monte, en oblación de suavidade á Nosa Santa Nai Natureza ... As castañas e o viño, carne e sangue da Terra, teñen algo de xantar sacrificial, de xantar do rito, que santifica as almas, con ledicia dun serán dourado, no que o Sol é un Greal esplendente baixo do palio do azul do ceo, por desgracia este ano sen nubes de prata que fagan del un ceo de alegoría, esas nubes de prata atrás das que se sabe, anque non se vexan, que están os deuses do paganismo, facendo tamén o seu magosto sereno e vidente.

A PROVINCIA

(La zarpa. 19-XI-1921)

Me non colle na testa como hai unha vila tan sequera que estea contenta de que lle chamen

"capital de provincia". Hainas de 1ª, 2ª e de 3ª coma os vagóns do tren. Ao menos, iso din os catedráticos de Instituto e mailos xefes de negociado e os maxistrados de Audencia... Eles saberán en qué se diferencian. E máis, agora que se discorre tanto, pode que haxa algún aparato para as medir ...

A verba "Provincia" é depresiva, é case que unha aldraxe. É unha cualificación que rebaixa de categoría, que "capitidiminúe", que pon a un anaco de terra supeditamento, de estar sometida, dominada, gobernada por xente de afora, suxeita a procedemento administrativo.

É unha verba máxica que desencadea sobor dunha vila un pedrisco de secretarios, oficiais, aspirantes, inspectores, axudantes, delegados, interventores, tesoureiros, conserxes, porteiros e mozos, xentes que poñen oficios, circulares, avisos, dificultades, que fan expedientes para todo, que

gastan millóns de leguas cadradas de papel, agora que vai tan caro, e centos de moios de tinta, que inspeccionan, ordenan, mandan, apremian, cobran, esixen, fan reintegrar. A uns hai que lles chaman "Usía", a outros "Excelentísimo Señor", a outros "Ilustrísimo"; cando un ten que lles escribir, hai que pór primeiro "expone" e despois "suplica", e dicir que o fai un "con el respeto debido" ou "con el mayor respeto", e hai que lles pedir que se "dignen" facelo e aínda que un pida o xusto, conclúe un dicindo que "es gracia que no duda obtener", etc. Teñen dous libros sagrados: un para eles, outro para os seus "administrados". O deles é o "Escalafón": para os outros moi interesante, que se chama o "Boletín Oficial".

Todo isto foi inventado polos romanos, por aqueles contra dos que os nosos avós verteron o seu sangue combatendo no Medulio. Son os restos que quedan do imperialismo dos Césares. Nisto veuse a converter a suma das aguias augustais, e as ritualidades do protocolo constantiniano. E o S.P.Q.R., que inda levamos tatuado no lombo.

**IRLANDA, GALIZA,
O GOBERNADOR DE PONTEVEDRA E CAMBÓ**

(La zarpa. 3-XII-1921)

Non somos nós senón os nosos devanceiros, os "Precursores", os que fieron a comparaza entre a situación do "gallego" e a do "wild-irish". Pobos de labregos e traballadores, o problema agrario, deuse na Irlanda como se dá aquí, o pobo de Eirín coma o de Galiza, véndose reducidos a seren arrendatarios ou foreiros de amos absentistas... Porque dos cobradores de foros, os que a min máis rabia me dan son os que viven fóra, os que sacan os cartiños que suaron os galegos para eles gastar noutros pobos... Soamente que os irlandeses resolveran o seu problema agrario antes ca nós.

Por isto Alfredo Brañas sinalara aos labregos galegos o exemplo dos labregos irlandeses, "onte inda servos, hoxe xa donos" naqueles versos memorables:

Erguete, labrego,

Erguete e anda

Com'en Irlanda, com'en Irlanda!

¿Por que ao insigne Branas, sendo como foi o verdadeiro fundador do agrarismo, o temos tan esquecido?

Hoxe Galiza é como a Irlanda do tempo de Parnell... Mais Galiza é tan inocente que agarda a súa redención dos alleos, agarda que o Parlamento español lle resolva o asunto, e xa estamos vendo o resultado: o Goberno presentou un proxecto de redención de foros, feito en interese dos que os cobran; os labregos queren protestar, e un representante do poder central non os deixa ...

Este representante do poder central teño entendido que é un verdadeiro pasmo de autoridade e enerxía. E eu penso que soamente en Galiza son posibles estes pasmos de enerxía e autoridade. Non sei se en Irlanda podería iso ser ostentado... Os pobres labregos son capaces de pensar que isto é porque en España gobernan os "torys", e que outra cousa pasaría se gobernanan os "wighs"... Mais o ministro de Gracia e Xustiza é "wigh"... Os pobres labregos son capaces de pensar que en don Melquiades Álvarez van ter un Gladstone, que se porte en Galiza como Gladstone se portou con Irlanda... Ogallá; mais eu non creo nin nos "torys" nin nos "wighs"... Nós, nós sós... Pero aínda estamos no tempo de Parnell.

Outra comparanza: Irlanda tamén ten as súas industrias impedidas pola protección á industria inglesa, e Irlanda pasa fame... Galiza, pola protección ás industrias catalanas e aos trigueiros de

Castela, tamén vai pasar fame, moura fame, se vai adiante o arancel que prepara Cambó... Os efectos xa principian a se facer notar. A guerra de tarifas seica xa principiou nas repúblicas americanas, pechando o mercado aos nosos viños.. .

Mais deste asunto témonos que ocupar con calma, que a cousa ben vale a pena... Xa falaremos outro día.



O TRIUNFO DE IRLANDA

(*La zarpa. 17-XII-1921*)

A opinión nacionalista galega está estes días conmovida e ata sobrecollida de entusiasmo e de ledicia polo triunfo da Raza en Irlanda.

Os nacionalistas galegos temos estes sentimentos de solidariedade internacional porque hai aquí un problema de raza que non hai nas outras nacionalidades pertencentes ao vello tronco ibérico, embora elas se teñan manifestado máis valentes do que nós, coma pasa cos nacionalistas aragoneses, nados onte e xa a piques de nos coller a dianteira.

Nós consideramos que en Irlanda foi a nosa Raza a que triunfou, a que tivo agora o primeiro triunfo, anuncio dos que virán.

Eles son coma nós, fillos de Breogán, teñen coma nós o mesmo mítico epónimo que desta Terra saíu, en remotos tempos, coas súas xentes, polo porto da Coruña, o porto brigantino, onde o rei Breogán deixou a súa lembranza na chamada Torre de Hércules, que os bardos irlandeses chaman "Tor Breogán".

Galiza é o vello fogar da nobre raza de Gael poboadora da verde Eirín, que alí se fixo heroica e xigante polo sufrimento, para nos servir de exemplo aos que aquí quedamos.

E Galiza ten que sentir como triunfo seu este primeiro triunfo da sublime Irlanda, que ademais vén anunciar unha nova era na Historia da Civilización: un novo advenimento da nobre Raza Céltica a pesar nos destinos do Mundo, cando as sete nacións que componen o corpo da Raza veñan constituír unha comunidade de Cultura que ha encher de luz o Occidente.

En Oriente os Eslavos, en Occidente os Celtas: eis a futura Europa. Eis a significación do triunfo de Irlanda, eis a significación que ten para nós e para o mundo.

Por todos nós sufriu Irlanda, verdadeiro Cristo das Nacións, mesiánica e redentora, espello eterno de sacrificio de gloria. Irlanda abriu as portas da Historia futura.

¡Benia aos fillos de Breogán!

¿PORQUE GALIZA NON TEN UN CAMBÓ?

(La zarpa 31-XII-1921)

Queixábase o outro día aquí en *La Zarpa* o señor Lesta Meis de que Galiza non tivera un

Cambó. Eu non quixera para Galiza un político tipo Cambó, senón máis ben un político tipo de Valera, pero non deixo de recoñecer a importancia de ter un Cambó.

Ora, ¿por que Galiza non ten un Cambó? Pois porque os grandes homes servidores da súa terra non nacen por xeración espontánea, senón que xorden suscitados polo ambiente moral do seu pobo, para encarnaren dun xeito máis ou menos perfecto a arela nacional.

¿Mais quen se preocupar ata o de agora de preparar ese ambiente de conciencia popular, creador do político galego?

A nosa conciencia nacional sente xa a necesidade dun tal político e a conciencia desa necesidade está xa expresada, anque non sexa máis que no artigo do señor Lesta Meis. Pois isto é xa un principio...

Claro que hai algúns que non nos contentamos con tan pouca cousa, con ter un Cambó... Quixeramos que o traballo de todos dotara a Galiza de todo os elementos de cultura de seu: envexamos máis a Cataluña, as súas industrias, os seus museos e as súas escolas, que non os seus políticos, que interveñen na política española.

Cando un pobo ten ansia de vivir, todo lle vén en axuda. Reforcemos logo, e se fora preciso creemos a ansia en todos de que Galiza viva.

E teñamos en conta que un pobo non pode vivir sen liberdade, non pode vivir sen personalidade propia. Vivir, para un pobo significa dispor de si mesmo, diferenciarse dos demais. Soamente o que é diferente se pode dicir que é existente.

O ARTISTA, O HOME

(La zarpa 7-I-1922)

Esta esquematización física, esta sorte de cifra fisionómica do Castelao, fíxoa Manolo Méndez,

un artista noviño, de fidalga e enxebre caste do Ourense vello.

Por atrás desta carauta simbólica, case que xeométrica, estanos fitando o gran Vidente... Nos vidros abstractos das gafas, deixados aposta en branco, están os ollos que viron a Europa... A Europa que aquí en Ourense, o país dos rañaceos espirituais, nos contentamos con adiviñar.

Porque este é o Castelao que volve de Alemaña, co gran chapeu que mercou en Múnic por pouco máis de sete cadelas, e máis coa caxata pendurada no brazo, a caxata coa que saíu a dar unha volta por Europa coa sinxeleza coa que un sae a dar unha volta pola estrada de Poio...

Moitos aló foron, e poucos volveron traendo a alma que levaron... El si. Castelao foi confirmar un presentimento de realidades que aquí non son aínda máis que arelas. Foi enconar as saudades do mañá, estas saudades que non nos deixan acougar, que non nos deixan gorentar a meiguice da Terra a nós, os que non temos a forza de videncia que el ten, con ser el cecais o máis desacougado coma que é o único do seu oficio que non ten o seu reino neste mundo... Foise confrontar, para voltar máis cheo de si mesmo, máis confirmado no seu e máis desdeñoso das artificialidades decadentes da moda, que enchen a feira das grandes vilas de Europa coas súas mentireiras algeiradas.

Por aquí, cando din Europa, cáseque todos entenden as trangalladas pintorescas de magazine; mais o Castelao soubo ollar en humorista a Europa anecdótica, e en pensador a Europa esencial e verdadeira. Por iso atopou máis Europa en Gante que non en París. Desdeñou as sedutoras vexetacións parasitarias das pólas apodrecidas, e foi buscar a suprema virtude xerminativa do tronco chantado na terra.

De aquí o seu entusiasmo polos primitivos, xa que el é tamén un primitivo, porque é honrado e amante da verdade, e aínda coidadoso do "métier", e nada máis lonxe da súa intención que facer "parade"... Xa se sabe que a Verdade é cousa que proe aos que non teñen verdades que dicir, e de aquí o paradoxo, inexplicable doutro xeito, de que o Castelao teña inimigos.

Porque o Castelao, con ser tanto o ser artista, e con ser el artista de tal eminencia, aínda é moito máis que artista, porque sempre ten algo que dicir coa súa arte, conforme coa tradición inmorrente da Arte Grande, que non pode ser arte descerebrada, o seu obxecto e o seu fin, como tantos divertimentos que hoxe levan o nome de obras de arte.

O Castelao é un artista esencialmente intelectual. Por iso campa tan ben con ese chapeu, feito para os cranios do pobo máis intelectual do mundo... El leva sempre a súa idea, e sabe por que e

para que traballa, e eu ben sei que de boa gana queimaría toda a súa obra, se diso dependese o porvir que el soña para Galiza.

E tamén, se quixera, deixaría de pintar e escribiría soamente, e escribindo deixariamos unha obra tan considerable e tan chea de cousas grandes e fondas coma a súa obra pintada.

Manolo Méndez, o autor desta carauta, conviviu con el, aló no longo lecer de Pontevedra, e debe saber tamén todas estas cousas... Arestora dialogarán os dous, se cadra, man a man, e o artista novo que chega agora de Pombo e doutras fábricas de "gragerías", ouvirá falar doutra vida máis outra e máis seria, ouvirá falar do país do Rhin e do país de Flandres.



O CASTIÑEIRO

(La zarpa 4-II-1922)

Unha mañá do mes de agosto, cando xa os albaricoques non tiñan campánulas púrpura e os gamóns ían secos, cando xa as florinas moradas lle cambiaran ao monte o vestido marelo, cando na beira das correoiras bailaban bolboretas cor da folla seca, fun polos soutos abaixo, cara á ribeira.

Había un castiñeiro que imitaba un xigante degolado, un xigante sen cabeza que erguía cara ao ceo dous inmensos brazos ramosos...

O home pensa que foi el quen meteu o espírito na Natureza; ¿e non será isto un erro? ¿Non será cecais que toda a Natureza tende á espiritualidade?

Cecais as árbores rezan, e este místico pulo é o que lles fai tomar formas humanas.

Aquel castiñeiro decotado, aquel xigante degolado, imitábase aos mártires milagrosos das vellas estampas. E en realidade era un mártir, e a súa aparencia humana víñalle do seu martirio que o home lle fixo sufrir. Estaba humanizado polo sufrimento.

¿Non será o home a forza negra da Natureza, a forza que e impide a súa marcha ascensional?



AGRARISMO E RURALISMO

(La zarpa 2-III-1922)

O movemento agrario e mais o movemento nacionalista -movementos converxentes, cada

día máis preto o un e o outro do seu punto de meirande converxencia- son hoxe a realidade histórica da Galiza.

Moitas veces vos teño falado da significación dos movementos nacionalistas. Cómpre que ponamos tamen atención no movemento agrario, para vermos a significación transcendental que poida ter.

Dende logo, e antes de nada, teño que dicir que, no meu concepto, para ser algo no futuro, o agrarismo ten que ser nacionalista, e o nacionalismo ten que ser agrario.

Ora, imos ver. A razón das cousas pódese buscar na súa causalidade ou ben na súa finalidade. Cando un ten os ollos postos no porvir, tende a ver as cousas na categoría da finalidade. A investigación da causalidade é máis ben para os espíritos contemplativos. Eu quixera máis ben valorizar o agrarismo galego na súa finalidade transcendental, por riba das súas intencións inmediatas, que eu considero episódicas.

Os detractores do agrarismo non saben ollar nel máis que estas finalidades de primeiro grao. Algúns están moi afeitos a pensar que, resolto o asunto dos foros, o agrarismo ficará sen finalidade e as organizacións agrarias terán que se disolver.

Eu non sei en realidade, se os agrarios galegos terán unha plena conciencia da finalidade transcendental do seu movemento. Esta finalidade venlles, porén, imposta dende o reino onde se prefiguraran os acontecementos históricos. A min foime revelada dende hai moito tempo, e un día, estudando o que pasou en Hungría despois da revolución e da ditadura proletaria de Bela Kun, vin que os labregos dos chans do Danubio se decataram un pouco polo menos de a onde ían. Había alí, seica, un sentimento de oposición á vila, no que para min reside a esencia transcendental do verdadeiro agrarismo.

Porque, o agrarismo, para ser algo de seu, ha de ser fundamentalmente, ruralismo. Claro que cómpre que lle quitemos a esta verba todos aqueles aditamentos de costume que degradan a súa significación...

Dende a guerra, véñse falando de abondo en Europa de que cómpre salvar a civilización, sen preguntar, coma cecais deberan, primeiro, se o que hai que salvar é a civilización ou a especie, a

especie humana; se hai que salvar a civilización do home, ou máis ben ao home da civilización. Mais sexa o que sexa, non hai salvación máis que na Terra, e soamente se salvarán os pobos que teñan o sentido da Terra... Velaquí a verdade suprema de que se teñen que decatar os agrarios se é que se queren faguer conscientes da finalidade transcendental do seu movemento. Mais contade que non fixen máis que principiar a falar deste asunto.



A DECADENCIA DA VILA

(La zarpa 18-III-1922)

¿A aldea, ha de ser sempre gobernada pola vila? ¿A aldea, non ha impor nunca á vila a súa vontade? Velaquí un dos problemas fundamentais do agrarismo, o máis sinxelo, o máis bo de pillar ás primeiras olladas, aínda sen que afondemos moito nas cousas. Foi este polo menos, o que seica se puxeron diante -anque non fose máis que por instante- os labregos húngaros, como diciamos hai hoxe oito días.

Este problema ponse dende o punto de vista económico. Os labregos din: "Nós somos os produtores; nós somos os que mantemos aos vilegos, a vila vive á costa nosa. Os vilegos non poderían vivir sen nós, e nós poderíamos vivir perfectamente sen os vilegos. Mais resulta que eles son os que mandan, e nós os que obedecemos. Ora isto non é xusto".

Que a cidade, a vila, vive parasitariamente da aldea, é unha verdade ben sinxela. Mais nesa organización parasitaria é corrente dicir que é onde se cria a civilización, e velaí vén o conflito, que non irnos discutir hoxe... porque, dicir, dío a xente, mais non é moi doado soste que soamente na vila se crían valores espirituais.

Deixemos agora iso da civilización, que require máis longo desenvolvemento, e ímonos meter noutra cousa: ¿por que a aldea que sempre calou - o u cando se rebelou, aquietouse axiña, ou foi doadamente vencida-, por que agora berra para reclamar os seus dereitos? Cecais atopemos a razón deste feito histórico dos nosos días, máis ben que na forza que hoxe teña collido a aldea e a clase labrega, na debilidade actual da vila.

Efectivamente a decadencia da vila é un feito esencial do noso tempo. No século XIX, as vilas chegaron ao máximo do seu desenvolvemento: foi a época -máis que nunca cara á fin do século- das "vilas tentaculares", que dixo Emile Verhaeren, esas moreas de homes, esas acumulacións hipertróficas e morbosas da humanidade, onde o xenio dos homes chegou ás máis pasmosas creacións, e onde os homes chegaron ás dexeneracións máis espantosas, ás máis tremendas degradacións da súa natureza.

Mais neste medrar anormal das vilas estaba o xerme do seu esborrallamento: é sempre o mito da Torre de Babel -o máis fondo dos exemplos da Biblia-, a se repetir unha e outra vez na hestoria da humanidade...

Eu non digo que este feito da decadencia da vila, sexa un feito descuberto e claro para todos: aínda se ven medrar as vilas grandes e pequenas: mais nelas esgotouse -e isto móstrase claro, patente para todo os que saben ver e ollar- o pulo creador de valores novos... E entón: a aldea érguese fronte a ela, a reclamar os seus dereitos, e velaquí o agrarismo...

A COBIZA DE TER UNHA GRAN VILA

(La zarpa 25-III-1922)

Galiza non ten grandes aglomeracións vilegas, non ten vilas tentaculares. Hai pouco que se laiaban diso dous homes da miña xeración -a xeración creadora, na nosa Terra- Manuel Lustres Rivas e mais Antón Vilar Ponte, dous homes que son dos que teñen dun xeito especial, ese tino para enxergar o instante presente e aínda o futuro xa preto da porta, que eu chamaría "sensibilidade social".

Eses homes son aos pobos como as antenas para os insectos. Laiábanse os dous de que non tiveramos os galegos unha gran urbe. Cecais tiñan razón. Cecais, ao mellor era o brillo lonxano dunha Barcelona que os engaiolaba, ou cecais tamén a fonda e escura arela que todo espírito cultivado leva adentro de si, por aquela vila que Maragall cantou en prosa, onde nos atoparíamos todos os que nos coñecemos e nos amamos, e moitos que nos amariamos se nos coñeceramos.

Mais polo de hoxe, cómpre deixar esas visións aos cataláns, xentes moi lonxanas e moi diferentes de nós... Galiza non ten grandes aglomeracións vilegas, non ten vilas tentaculares. Din que nos cómpre unha gran vila: e se a tiveramos, ao mellor, os homes que temos máis ben unha "sensibilidade étnica", andaríamos a atopar o medio de nos ceibar dela.

Cumpriría antes de nada, estudiaríamos as causas de que aquí non haxa unha gran vila... Eu quixen atopar unha: o noso apego á Terra (véxase a *Teoría do nacionalismo galego*). Que hai nisto algo de racial, indícao este feito: o gran Castelao escribíame desde París, preocupado da repulsa que o seu espírito sentía polas grandes vilas... Sen dúbida el sentía que o danaba o perverso "ambiente astral" de París...

Tamén sería cousa de vermos ata que punto, o espallamento da poboación galega campía adiante, pode servir de sistema defensivo contra da danina "astralidade" que dende as grandes vilas se expande en circos concéntricos...

Mais a vila ten tamén unha "astralidade" política que pode influír aínda nos movementos de reivindicación da aldea contra da vila... O "sistema caciquil" - que é un sistema de goberno como outro calquera- é cousa de elaboración vilega. Outra cousa de elaboración vilega é o sistema dos partidos. Mais disto habernos de falar outro día.

A CIENCIA E OS MITOS

(La zarpa 1-IV-1922)

Don Angel del Castillo deu na Universidade de Santiago unha conferencia encol do Santo

Graal do Monte Cebreiro -desgraciadamente, el di: "Cebrero"- . Hoxe seica repite a súa conferencia no Circo de Artesanos da Coruña...

Don Angel del Castillo é un gran traballador, un especialista pechado na súa esencia arqueolóxica... Os arqueólogos soen ter ideas precisas de abondo encol das épocas que estudian; poucos hai que as teñan tan atinadas tocante á época que viven... Lonxe de nós, eles catalogan os feitos minuciosamente e sen quentura...

Don Angel del Castillo aporta a súa contribución valiosa aos estudos que emprendera Víctor Said Armesto, e o seu labor rigoroso e metódico ten sen dúbida o seu valor no campo da ciencia histórica -sobre todo, segundo o xeito de concebere a ciencia histórica na penúltima modernidade.

Mais todo o seu traballo, acopio de datos, datas, concordanzas e comparanzas, non son de abondo para aumentar no valor dunha agra de millo, a fe cega que ten Ramón Cabanillas en que, dende o cume do Cebreiro, a mística radiación do Santo Graal alumea as nosas almas acesas de esperanza.

Os arqueólogos de agora principian a quitarlle a poeira á lenda do Santo Graal, cando nós, os nacionalistas futurizantes, tiñamos xa feito moito máis do que eles poden facer: tiñamos creado o mito do San Graal galego.

Namentres eles catalogan os mitos mortos, facemos nós xurdir os mitos creadores de esperanzas novas.

Non comprendo a ciencia sen intención creadora... Mais resulta que moitas veces, a ciencia, inconsciente da súa finalidade, coordina o seu esforzo co esforzo dos creadores. Entón, a ciencia idealízase a pesar seu...

A DEUSA NAI

(La zarpa 6-V-1922)

Hai aló na India remota -o país do misterio que perseguiu ao xenio da Camões- un home

estraño conmovido polo mesmo *pathos* que me conmove a min... Xa sei que eu non sirvo para descalzalo. Se algunha vez eu o atopara polos longos vieiros da vida eu cruzaría os meus brazos no peito e inclinando a miña testa, diríalle: ¡Salaam, Guru!... Ese home chámase Gandhi.

O meu pensamento foi moito tempo peregrino polas terras da India, andou pola India adiante moito tempo... Eu atopaba un mestre en cada *sannyasi* escondido no monte, nas ruínas dos templos esquecidos onde se inmovilizan nun pasmo eterno os deuses cargados de milleiros de anos... Eu buscaba unha deusa escura e secreta, nai de todos os deuses; unha deusa chamada *Prithiui*.

De aí me vén cecais este *pathos* que eu chamo sagrado, este *pathos* que a min me conmove, e que conmove a Gandhi. Ese *pathos* é a saudade. Gandhi ten saudade da India vella, da India pura e sen ingleses, a que vivía en santidade, antes de que se emporcaran as augas do Ganxes...

Tamén eu teño saudade de moitas cousas que pasaron e que, ou han voltar, ou eu heinas ir atopar na longuidade do tempo onde están para sempre endexamais, no corpo astral desa deusa que o meu pensar andou buscando peregrino pola India remota. De xeonllos, diante desa deusa eternal, nai de todos os deuses, está alí na India Gandhi, o sabio que ten saudade dunha India sen ingleses...

Mais eu, ata que non volví ao meu ser enteiro cara á miña Terra cara á Sagrada e Santa Galiza, non atopei a *Prithiui*. Pero por fin, atopeina e, diante da miña alma espida, restituída á súa pureza, vin á Deusa Nai en carne, en sangue, en espírito e en verdade...

FUNDACION
VICENTE RISCO

SUPEROCCIDENTALISMO

(La zarpa 28-V-1922)

Nun serán morno de inverno, fomos de paseo pola carretera da Loña, Carlos Fernández Cid,

eu, e mais unha cadela branca de Pomerania. Daquela quedou fundado o superoccidentalismo.

Na miña *Teoría do nacionalismo galego*, capítulo VI, di: "Estase vendo a crise do europeísmo. É un sol posto dunha civilización. Os valores mellor asentados na conciencia europea afondan coma barcos vellos que tiveran as táboas apodrecidas. Hoxe dise a oito polos mellores enxeños de Europa, que o europeísmo debe ser superado".

Agora europeísmo e occidentalismo son verbas sinónimas, a América non sendo, como non é nin pode ser aínda, creadora de valores do espírito.

Iso que eu dicía da crise do europeísmo é unha verdade, unha realidade patente: aló na India, o berro do gran Gandhi, o santo e xeneroso, foi: "Fóra a civilización occidental"... En Rusia, Lenin o visionario, dixo: *Ex Oriente, lux*. O movemento panislámico, producido poucos anos despois de se publicar un libro encol de *Le crépuscule de l'Islam*, faise sentir aínda nos folgos épicos d'Abed-el-Krim... A alianza xermano-rusa é unha ameaza para Europa occidental. Os alemáns, cegados polo espírito de vinganza, son capaces de entregar aos eslavos a razón mesma da súa existencia, que esa mesma civilización hoxe ataca por todas as bandas.

Agora, eu quixera recoller aquí estas verbas devocións que Xenius tivo para a nosa vella amada, para a nosa nai Europa... Por Ela, por Ela, e polo que Ela nos deixou, polo que Ela nos deu, ¿non cómpre defendela? ¿Non cómpre defender a nosa herdanza espiritual? ¿Non cómpre opoñermos á ola invasora do Oriente que esperta, as nocións sagradas do noso Occidente? ¿Non cómpre asentarmos os dereitos sagrados da Razón e do Espírito, da Ciencia e da Democracia?

Por iso chamei eu sempre ao fondo sentimento europeo dos nacionalistas galegos.

Que a nosa doutrina é a enxebre superación do europeísmo, é o superoccidentalismo que se ergue para sostener os dereitos sagrados da Razón e do Espírito.

NO ALTO DE PENAMÁ

(La zarpa 24-VI-1922)

Eu rubín á montaña. As xestas xa non están floridas de ouro, mais están cheas de semente,

metida en vainas veludas, e arrecenden cando as queima o sol. Á beira dos caminos, os estraloques florecen, e na terra branca andan as formigas de cabeza vermella.

Eu rubín á montaña, pola costa pina pisando nos toxos e nas carpazas, polas horas de sol. Mais no alto, corre aire fresco, e vense ata os montes de Portugal. Toda a terra está cuadrículada de searas e agros marelos, de touzas escuras, de lameiros verdes, á beira do Arnoia. Cara ao Norte está Ourense, afundido: vese o Cuartel de San Francisco, e as casas da Ponte Maior, e o Monte Alegre cuberto de piñeiros. Cara ao Sur, a llanada da Limia, toda a lagoa, e o castelo de Sandiás, cara ao Nacente a serra de San Mamede, e o Rodicio, e atrás está a miña terra de Caldelas... Unha brétema tenue cobre toda a lonxanza azul.

Eu rubín á montaña. Mais aló no alto non me sentín por riba de todas as miserias humanas, como outros din que se senten. Eu rubín á montana levando comigo os meus pensamentos e todas as miñas debilidades. Mais penso que con todo iso estiven máis preto de Deus, porque canto un máis se achega á natureza, áchase máis preto de Deus, e áchase un máis preto de Deus canto máis humilde se fai e, como eu na montaña atopei xestas e carpazas e formigas, e quixen ser como as xestas, e como as carpazas e como as fornigas, por iso cheguei máis preto de Deus, porque eu ben sei que Deus está mellor entre as xestas e as carpazas e as formigas que non no alto da Torre Eiffel ou na compañía dos homes capaces de medir o micromegas...

E isto é porque as xestas, e as carpazas, e as formigas e todas as outras criaturas, seguen todas a lei que Deus lles marcou, mais soamente o home lle nega a obediencia a esa lei, e revólvese contra Deus, e máis contra todos os outros seres da natureza, os seus irmáns, e contra da Natureza, a súa nai.

E por iso Deus se acha aínda no máis pequeno grao de area que o vento leva, mais o Demo áchase soamente no corazón do home, excepción rebelde e desgraciada no medio da obediencia santa de Natureza.

DO "MÁIS ALÁ" E MÁIS DO "FOULARD"

(La zarpa 15-VII-1922)

O manifesto rebelde de Álvaro Cebreiro e Manuel Antonio, un pouco serodio ... Endebén, e

achábame lendo unha obra póstuma da condesa de Pardo Bazán, que Leandro Pita Romero acolleu baixo a bandeira da Editorial Atlántida -a Atlántida baixo a poeira de Castela-, contos da Terra feitos cunha sensibilidade de turista...

Seica se discute moito este manifesto... Hoxe viña *A nosa terra* entre riseira e amoscada por estas lerias novas. A todos nos ha chegar o tempo de pasarmos ao arquivo, e non ha estar mal que os novos remexan nel para nos desempoeiraren, inda que sexa a vasoirazos...

O *ruralismo*, hai que andar con el con moito ollo... mellor dito, cómpre que saibamos ben o significado que lle imos dar a esa verba; porque ela ten para min ás veces un senso - que non é "converter o galego na fala intérprete de todas as indecencias e vulgaridades"- ao que penso que cómpre voltarmos os ollos todos a eito, inda que non fora máis -literariamente- que para nos ceibar do *foulardismo*. Literariamente, un pouco; socialmente, no meu concepto, de todo... Dixen xa eu nestas columnas que o agrarismo, se non era -no senso que eu digo e explicarei aínda outro día- ruralismo, non era nada. E cómpre que os novos se decaten diso.

O *foulardismo* é outro cantar. É unha doenza que se dá na nosa banda atlántica. En Galiza non infestou máis que a "lengua de Cervantes" -Ortiz Novo, Portal Fradejas, Barbeito, Herrera...- mais Portugal áchase inzado de *foulardismos*; Alexandre de Cordova, Antonio de Cértina, ¡eu que sei!... Nós temos un Gran Pontífice do Foulardismo, que non é noso: Valle-Inclán. Eles teñen outro que é deles, e polo tanto, máis noso: Euxenio de Castro. Eu penso que o descubridor da *escola* fun eu; o público denunciador foi Antón Vilar Ponte; agora, os acusadores públicos son Cebreiro e Manuel Antonio.

O Vilar Ponte atopou para bautizar a escola un nome sedoso, vaporoso - eles se cadra dirían *inconsútil*- que lle cadra moi ben: *foulard*, que o hai de seda a seis ou oito pesetas a vara en calquera tenda, non moito custe para un literato rico e vaidoso...

Lémbrome que a revista *Vida* da Coruña fixo tremendos esforzos de retorcemento para desbotar o *foulard* das súas páxinas e pasarse ao cubismo.

Mais tampouco cómpre que nos enrabechemos co *foulard*; coma din Álvaro Cebreiro e Manuel Antonio, "tamén hai outros..."

LERIA METAFÍSICA

(La zarpa 7-X-1922)

Cando un ten arredor a Cabeza de Meda, a serra de San Mamede, a serra do Bargo, a Cabeza

Grande, o Alto de Cerdeira e o Baldrigou, non colle dúbida de que se atopa un lonxe da actualidade. E canto un está máis lonxe da actualidade, máis preto está un da eternidade. Deste xeito, pode un enxuízar aquela co criterio desta. É unha das vantaxes que un ten. As outras son o aire, a auga, os carballos, o ruralismo... E o ruralismo é outra das formas da eternidade.

Ben. Aquí, á sombra dunha torre feudal, lin algunhas cousas das que hoxe en día se escriben, e que, as máis das veces, apelian polas cousas vellas, poño por caso, o que chaman: o *Gótico*, por oposicións ao Renacemento, que hoxe se considera coma o máis ruín paso falso que a Europa ten dado. E podo dicir que van saíndo as miñas, porque xa vai ben tempo que eu teno dito iso.


Neste raro estado de espírito que Europa atravesa arestora, a nós cómprenos pillar o converxente, e isolar o do balbordo das manifestacións esporádicas que non van a ningures. Cómpre, claro está, moito tino, e principalmente, hanos guiar o senso histórico.

Un exemplo: as derradeiras escolas de arte, se un as considera en canto síntomas do pensar da época, hai moitos, coma Paul Fechter no seu estudo encol do Expresionismo alemán (*Der Expressionismus*, Berlín 1921) que as fan depender, non dos movementos sociais, como se poidera crer, senón do *neoespiritualismo* dos nosos días. No derradeiro capítulo da obra devandita, Fechter cita ao eminente cultista Rudolf Steiner, de quen eu coñecín o pensar hai bastantes anos, cando foi que se arredou da Sociedade Teosófica. E vese coma as doutrinas do doutor Steiner son coincidentes con certas explicacións que expresionistas, cubistas e futuristas dan encol do seu proceder artístico.

Ora, eu penso que tanto Fechter coma outros, tanto en Alemaña coma fóra dela, trabucan un pouco o *neoespiritualismo* co *neoidealismo*, que é unha cousa distinta, oposta se me apuran, a todo espiritualismo verdadeiro, se imos a iso, e pódovos citar a luminosa distinción que deses tres temas: *materialismo* (incluído o panteísmo teosófico), *idealismo* e *espiritualismo* fai o profesor Lutoslawsky nun libro que eu cito moito: *Volonté et Liberté*, París, 1907. Fechter, por exemplo, fala tamén dunha volta a Hegel, o gran tautólogo e filosofastro e o derradeiro alcume é de Shopenhauer, o restaurador do puro pensamento ario en Alemana, e entón xa non habería espiritualismo, senón idealismo.

O idealismo leva a facer de todo ente, un ente de razón, e o espiritualismo ten ao espírito por un ser eminentemente real, distinto de materia, tamén real. O espiritualismo é sempre máis ou menos marcadamente dualista, e decote distingue sen trabucamento, entre o *vivo* e o *pensado*. Tampouco pode reducir o espírito a *Eu* puro, senón que o eu é, en certo modo un atributo, unha propiedade do espírito. O espiritualismo busca o concreto, e no problema dos universais, ha ser nominalista... Ben lonxe a Idea hageliana, que eu atopo cousa inxeniosa, como a tese do noso Benito Vicetto, que dicía que Deus era o Tempo...

De todos os xeitos, por debaixo de todos estes trabucamentos, deste confusionismo, deste por aquí me ergo, por alí me caio, do pensamento contemporáneo, latexa forte o pulo que o move: a fonda ansia relixiosa da alma moderna, que loita pola luz, contra todas as barafundas dos teóricos postcincocentistas, pola reintegración de Europa na súa verdadeira cultura, prerrenacentista, pola súa eternidade contra das disparatadas actualidades superpostas.



O NACIONALISMO E A POLITICA

(La zarpa 5-XI-1922)

Cecais hoxe teña que ser un pouco máis longo do que teño adoitado nestas prosas. Recibín onte *A Nosa Terra* que trae un artigo do meu admirado e querido amigo Lois Pena Novo, que non podó deixar pasar sen comentario. Ese artigo, que leva o mesmo título que vai enriba destas liñas, é resposta a outro do mesmo título tamén, publicado aquí na Zarpa polo Lustres Rivas. Xa teño eu dito outra vez, que Lustres cáseque decote ten razón.

Ben. Pena Novo, manifesta no devandito artigo unha discrepancia radical conosco no tocanten á teoloxía do Nacionalismo galego. Neste punto eu teño manifestado xa ben claramente o meu criterio, no capítulo así titulado da miña *Teoría do nacionalismo galego*. Polo visto, aínda teño que insistir. Porque, un escritor nacionalista de tanta sona e de tanta autoridade, non soamente no que toca ao problema político de Galiza, senón tamén nos seus problemas xurídicos e económicos, sáenos agora nese artigo, dicindo que a finalidade fundamental, léase única, do Nacionalismo galego, é "o conqwerimento para a nosa Terra do dereito a dispor de si mesma, e a rexir libremente os seus destinos". E aínda sostén que unha vez conqwerida a nosa separación do Estado español, "para daquela xa non precisamente política nacionalista, fica resolto..."

Eu non vou dicir aquí se ese punto de vista de Pena Novo está ou non xustificad. Eu vou soamente sinalar o feito de que en pobos, en nacións completamente libres e soberanas, coma a mesma Francia, Alemaña, Italia, nacións que, asegún Pena Novo teñen resolto o seu problema nacionalista, existen e teñen vida e acción, partidos nacionalistas. ¿Cal é logo a finalidade deses partidos? E tamén hei sinalar o feito de que, paréceme que foi na apertura oficial da Dail Elveanu, Edmon de Valera, o xefe do partido "Sinn Fein" o arredista irlandés, declarou que el mellor quería unha Irlanda escrava que falase o irlandés, que non unha Irlanda ceibe e soberana, mais esquecida das súas tradicións.

Eu penso que deste xeito -que é como penso eu- pensan a maioría dos nacionalistas galegos. Polo que a min toca, se a derradeira e suprema finalidade do Nacionalismo galego fose a que sinala Pena Novo, se todo se reducira a iso, cecais eu non fose un nacionalista militante, cecais eu non tomase parte activa no movemento. Eu coído -e creo que comigo pensa a maoría- que hai moito máis...

E para os que deste xeito pensamos, a autonomía, sexa a independencia de Galiza, non é unha finalidade, senón pola contra: un medio, un medio de reintegrarmos a Galiza na súa tradición, no seu ser substancial enxebre e europeo. Consideramos que a existencia dun estado autónomo

e soberán, non ten xustificación ningunha, dende o punto de vista da cultura, dunha civilización universal e da historia, se ese estado non ha de ser un órgano creador de cultura, dunha cultura propia, enxebre, inconfundible, que veña enrequecer coas súas aportacións o patrimonio da cultura universal.

Calquera pobo que a queira, dende o punto de vista do estrito dereito internacional, ten dereito á autonomía ou á independencia. Mais temos que ter en conta que ningún pobo pode nin debe vivir para el só, senón que ten que vivir para os demais pobos da terra, ten que vivir na comunidade da cultura universal, soamente son apreciados e considerados, os pobos que teñan algo novo, algo propio, algo específico que ofrecer; os pobos que teñen unha orixinalidade, unha enxebreza característica, capaz de ser convertida en creacións doutra cultura. Para sermos admitidos no concerto da civilización, para que os outros pobos da terra poidan ter algún interese no noso problema, no problema da nosa liberación nacional, temos que cultivar fundamente o noso enxebrismo, temos que deste xeito valorizarnos internacionalmente.

Así para nós, unha Galiza autónoma, independente se se quere, mais que chapuce o castelán, que constrúa casas estilo americano, esquecida do seu, isolada dos pobos europeos que lle son afíns, mal cultivada, sen rehabilitar as súas pequenas industrias, as súas artes, os seus estudos, nin valería nada, nin, se cadra, sería merecente de que nos matáramos por ela.

Non. Liberada Galiza, o problema nacionalista seguiría en pé. E se a autonomía ou a independencia non nos serviran para enxebriar e europeizar Galiza, entón considerariámonos derrotados e vencidos para sempre.

Resulta que o que para nós é un fin, para o Pena Novo é un medio, e viceversa. A discrepancia é entón máis grave do que parece. Isto non quere dicir que eu desaprobe *lato sensu*, o labor nacionalista de Pena Novo. Todo o que tenda ao desenvolvemento da conciencia nacional galega, esta moi ben. O que non está ben é a apreciación que fai dos acordos da Asamblea Nacionalista de Monforte e máis da conducta da I.N.G. Naquela Asamblea, da que as actas orixinais obran na miña man, a politicidade ou apoliticidade da I.N.G. ficou ao arbitrio da Xefatura Suprema, ou da Asamblea ordinaria ou extraordinaria; ao que se puxeron límites foi á acción política dos individuos ou agrupacións isoladas, con anárquica independencia da federación que dende aquela se chama I.N.G. Os compoñentes da que non deixaron en ningún caso de obedecer a aqueles acordos.

E no ilustre e chorado Leonardo Rodríguez, os nacionalistas que forman na vangarda da I.N.G. sabían ver por riba do home político - do que a boa intención galeguista se non pode discutir- o amparador do agrarismo, o socio e colaborador de *Nós*, o iniciador da obra fermosísima das *Roladas*.

Finalmente, política ou apolítica, a I.N.G., nin permanece allea a ningún dos problemas da Terra, nin olla con indiferencia ningún movemento liberador. Pequena ou grande, a súa colaboración tivérona decote aqueles que en Galiza teñen o xesto valente de se enfrentar cos caciques, cos opresores, principalmente os labregos organizados que sosteñen este xurdio movemento agrario.

Non iremos representalos ás Cortes de Madrid, mais aquí habémoslos axudar en todo o que poidamos nas súas xustas arelas.



OCCIDENTALISMO E ORIENTALISMO

(La zarpa 25-XI-1922)

E ata puidera ser que tivera razón o noso amigo F. L. Bernárdez. Mais eu teño algúns reparos

que lle facer. Cuasamente eu, se de algo teño estudado a fondo, é de cousas de Oriente. Teño lido moito divino texto indo. Se algunha lingua antiga me metín a estudar, foi o sánscrito, co seu alfabeto longo, co seu complicado sistema vocálico, coas súas leis fonéticas, coa súa declinación de oito casos e a súa conxugación ramificada. Pódolle facer unha eséxese do "Bhagavad Gita" e pódolle explicar o que representa cada un dos baixo-relevos da Stupa de Sanchi. Digo todo isto, non para botar por ela, senón para que o amigo Bernárdez vexa o que a min me podía gustar a sabencia inda; para que vexa que non son un anti-orientalista. Aínda máis: conservo unha carta de Xenius -a quen penso que están vostedes gabando xa un pouco máis do regular- de cando foi da *Centuria*, na que nos dicía que nos gardamos dos velenos de Oriente.

Estes velenos eran para nós tan exóticos, tan alleos, como para Xenius. Viñan de fonte erudita. Canto teñamos furgado de abondo no focllore galego, é cando poderemos ver se hai algunhas pingas de esencia oriental no noso autoctonismo. Polo de hoxe, non. Despois dos estudos de Vacher de Lapouge, de Reinach, etc., etc., a teoría de Pictet da orixe asiática dos Arios, parece que se non pode sostener.

Tamén se di: os Celtas levaron primeiro o nome de hiperbóreos. No meu estudo encol da Galiza Céltica, que principiei en *Nós*, toco este asunto das orixes arianas.

Tampouco penso en que a volta ao Oriente sexa un bo xeito de superar o occidentalismo. América si, que xa varios teñen dito -Lutoslawski, Valle-Inclán, Roso de Luna- que está chamada a ser unha colonia espiritual da India. Mais nós, os da banda de acá, é outro cantar. O mesmo Xenius a quen Bernárdez invoca, recollendo en Portugal unha impresión do saudosismo, deu unha idea que eu xa expuxera aquí, antes de min o Porteiro, e antes que nós os dous Teixeira de Pascoaes, de ser a nosa a civilización da Memoria, namentres que a do Mediterráneo é a da Intelixencia e as de Asia e América as da Vontade: o Saudosismo, o Racionalismo e o Ioga de Patanjali e de Orisson Swett Marden, digo eu. Eu recollín de novo esta idea na *Teoría do nacionalismo galego*, a un tempo de Xenius e de Porteiro, nas Verbas dun loitador.

O que eu penso que debemos superar é o Racionalismo e o Mecanicismo mediterráneo, sen nos voltarmos cara a ninguén, alleo á Memoria, quérese dicir á nosa Tradición. Ora, o máis puro depósito da Tradición, é o Pobo: deprender o que el sabe pola Memoria Racial, non o que lle

ensinaron escolantes e pedricadores, é o que é a verdadeira Democracia. Hai un capítulo de Chesterton moi instructivo tocante a este particular. O pobo, non desvirtuado pola cultura mecánica das vilas, que diría o noso Ramón Otero Pedrayo, é o que o sabe todo.

Aquí, e repousando no que a sabencia étnica do noso pobo nos ensine é onde temos que crear unha cultura nova, que nos quite intelectualismo mediterráneo e máis do orientalismo eslavo-teutón.

Ata puidera ser que tivera razón Bernárdez: cecais Galiza teña algo de oriental, e por iso os nacionalistas e os agrarios levamos tanto traballo para espertala do seu sono de nirvana budista. Mais isto é precisamente o que queremos que non sexa: orientalista. O que nós queremos é sacudila do seu orientalismo noxento. Mais é o único que Galiza ten de oriental.

Deixémonos disto, amigo Bernárdez, e imos buscar esencias raciais na estupenda obra de Asorey, e nas paisaxes de Imeldo Corral.

E non citemos xa máis a Xenius.

